

ESTRAFALARIA



Narración oral a cargo de

Atenea García



000000 0000 000000

COMPANHÍA

Xarope Tulu é unha compañía adicada ás artes escénicas para cativos e cativas, fundada por Atenea García e Nicolás Zamorano. Estrean a súa primeira montaxe, *A miña primeira viaxe*, en febreiro de 2015. Dita peza é unha adaptación do texto de Paloma S. Ibarzábal, publicado por OQOeditora.

O espectáculo foi programado durante os anos 2015/16 a través da Agadic en tres das súas redes.

Ademais a actriz e contacontos Atenea García conta cunha ampla experiencia en actividades de dinamización á lectura.

No ano 2011 entra a formar parte do Colectivo Avoayouja con quen percorre as bibliotecas públicas con varios espectáculos dirixidos a nenos e nenas de entre 4 e 12 anos como; *Plof*, historia dun globo ou *Será coma un bosco*. Como integrante de Avoayouja tamén forma parte de varios espectáculos dirixidos a bebés como; *Da pinga e da folerpa*, *Panxoliña paseniña*, *Miranda Milonga* a da bufanda longa ou *Canto conta Conta canto*. Durante os anos 2013/14 Atenea traballa como educadora na Casa de Familia Maluma, asociación prestadora de servizos sociais; sendo durante este período a persoa encargada das actividades de dinamización á lectura realizadas en dito centro.

Na actualidade, Atenea compaxina o traballo como contacontos e actriz coa súa labor como docente teatral en entidades tanto públicas como privadas. O seu espectáculo de narración oral *A falta de pan, bos son contos* forma parte do catálogo *Ler conta moito 2016*, pertencente á Rede de Bibliotecas de Galicia.



A NOSA PROPOSTA

A narración oral é unha ferramenta de aprendizaxe que nos permite reflexionar sobre a historia, e o noso comportamento, tanto individual como colectivo. O relato permítenos ademais habitar lugares diversos e amplían a nosa percepción da realidade, poñendo en valor a importancia da tradición e a cultura popular. Os contos son un xeito creativo de achegarnos ó mundo e permítenos medrar dun xeito libre.

Os nosos espectáculos de narración oral están artellados a partir de adiviñas e contos de orixe diversa. Algúns deles pertencen á tradición oral e outros moitos forman parte da literatura infantil contemporánea. En ditos espectáculos a palabra e o xesto contan cun papel fundamental, aínda que a acción se apoia por momentos na manipulación de obxectos.

O público intervirá na narración dun xeito activo, convertíndose en ocasións en protagonista da mesma.



Estrafalaria é un espectáculo que combina a narración oral coa manipulación de obxectos onde o público participa activamente do relato. As personaxes que interveñen na historia caracterízanse pola súa peculiaridade e levan a diferenza como bandeira. Os cativos e cativas deben entender a diversidade como algo enriquecedor e imprescindible para que a sociedade evolucione cara o mundo que queremos, ese no que debería predominar a tolerancia, a solidariedade e a integración. Ese mundo no que como mulleres podemos aportar os nosos coñecementos e ser nós mesmas a cada momento.

Alicia collera por costume, escorregar por calqueira buraco, sen importarlle o profundo, escuro ou sinuoso que fose. A Carlota, deráselle por escoller o seu camiño i embarcarse en aventuras emocionantes que nada tiñan que ver coas dunha princesa. A avoa e papá dicían que as miñas amigas eran estrañas. Mais eu sempre pensei que iso de ser estraña é moi relativo. Que dis, apetéceche escoitar as nosas rarezas?



DATOS TÉCNICOS

Dirección / Interpretación: Atenea García e Nicolás Zamorano

Vestuario e atrezzo: Nicolás Zamorano

Idioma: Galego

Duración: 50 minutos aprox.

Montaxe: 30 minutos

Desmontaxe: 15 minutos

Público: Familiar

Campaña escolar: 2 Ciclo de Ed. infantil e Primaria.



CONTACTO

Urdime

distribucion@urdime.com

www.urdime.net

619920335

698132935